

De vós. Do galego.

Orgullosa de que a nosa sexa unha lingua da liberdade. Fachenda da fraternidade que convoca. Orgullosa de que con ela sirvamos á igualdade. Orgullosa de compartir vida e ledicias con alguén que ensina o idioma do meu país. Orgullosa de Henok. E do agarimo que deita nas palabras que cada día lle aprende Laura. Orgullosa daquelas que tan só me ensinou Lola do Ardeiro, miña nai: pordusol, tamparrantán... E do avó Domingos que pagou pola democracia da República tempo de cadea. Orgullosa de ter convencido a uns campesiños nicaraguanos de que os galegos somos da Galiza e non de Galilea. Orgullosa de Pedro que aos fillos só nos deu un consello: sempre na defensa do común, nunca sexades esquiros. E do compás que nos regalaron Daniel e Alexandre e que grazas a outros moitos chegou onda nós. Orgullosa das Galiza emigrantes que sementamos polo mundo e na que eu nacín. E da Galiza extensa que partillamos con Portugal. Orgullosa do Celta en todas as súas derrotas e de Vigo, viveiro de dignidade e loita. E da solidariedade coa que miñas irmás acompañaron as miñas clandestinidades. Fachendoso de ter gañado o meu primeiro salario nunha imprenta que gobernaban os obreiros. E das empresas que sempre me deixaron traballar no idioma propio. Orgullosa de estar cos que defenden a lingua dos humildes. Do noso mar e da Barreira, na Serra de Outes, onde está a raíz do que eu son. Orgullosa do blogmillo e da Rede que se tece na nosa lingua franca. E dos que fan de Galiza unha factoría da imaxinación. Dos que nunca se renderon, orgullosa dos que nos achegaron a forza da rebeldía. De Rosalía que soubo crebar o silencio das nosas letras. E das moitas amazonas que coidan da nosa poesía, da terra e da igualdade. Orgullosa do primeiro libro que lin na lingua que non me aprenderon na escola: Vilardevós de Silvio Santiago. E dos bravús. E dos amigos e amigas cos que compartín facultade, asembleas e Comités Abertos. Orgullosa da xeración do 21 de xaneiro que ateigou o Obradoiro e da de Henok que impedirá a derrota da lingua que é nosa. E da nación de Nunca Máis. Orgullosa dos que coordinades a lingua coa esperanza. Orgullosa de vós. Orgullosa do galego.

Manuel Martínez Barreiro
Deseñador

DO GALEGO